



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E DOUS DE XUÑO CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e dez minutos do día vinte e dous de xuño de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (09/06/2020).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202099900000002 de Unión Fenosa Distribución, S.A- Gas Naturgy (Expediente 2020/U022/000001)

Dáse conta da citada instancia na que don Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de LMT, CT, RBT San Miguel de Sarandón (Vedra) - (Expediente Nº UD531307050004) en San Miguel de Sarandón (Vedra) (Expediente municipal núm.: 2020/U022/000001), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Pedro Tizón Barro, en calidade de Enxeñeiro Industrial, e de data 29/11/2019.

Dáse conta da autorización emitida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) con data do 04/02/2020, expdte.: O20-0045.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Pedro Tizón Barro e de data 29/11/2019.

3º.- Por tratarse dun uso común especial normal do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (RXE núm.: 216, do 17/02/2020).

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincocentos corenta e sete euros con trinta e un céntimos (#547,31#)

2.2.- Comunicación previa de obra de don Felipe Bermúdez Souto. (Expediente núm. 2020/U026/000021)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Felipe Bermúdez Souto para construción de peche pola cara oeste da parcela, con base de formigón pintado e malla de arame ata unha altura máxima de 1,80m.; reconstrución de muro existente de cachotería de aproximadamente 46 m e construción de peche con malla electro soldada de 1,20, cunha altura que non superará o 1,80 m, e recuándoo 6 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001203000NH43F0000RU, emprazada en Socastro, 23 –San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados e tamén garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e tres euros con trinta e dous céntimos (#63,32#).

2.3.- Instancia núm. 202099900000118 de don Roberto Vales Lobato. (Expediente número 2020/U007/000003)

Dáse conta da citada instancia na que don Roberto Vales Lobato, con domicilio a efectos de notificacións en San Mamede de Ribadulla (Vedra), expón que con data do 18/12/2014 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Angustín – Ribadulla (San Mamede), (licenza número 2014/U008/000014), nos termos do proxecto achegado e asinado por Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda conceder a licenza de primeira ocupación (expdte.: 2020/U007/000003) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de cento vinte euros (#120,00#) euros.

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.4.- Instancia de dona Susana Rodríguez Codeso. (Expdte.: número 2020/U018/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita licenza para parcelamento de finca en Nande- San Fins de Sales, en 5 parcelas resultantes nos termos da documentación técnica achegada asinada por dona Brigida García Couto en calidade de Arquitecta e de data 30/05/2020.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Núcleo Rural (N-1), parte como Solo de Expansión dos Núcleo Rurais (N-2) e o resto como Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria (R-2) .

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Nande- San Fins de Sales, nos termos do proxecto achegado, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de trescentos euros (#300,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 9, de 309,00 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens; debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.5.- Comunicación previa de obra de don José Nieves Ferreiro. (Expediente 2020/U026/000024)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Nieves Ferreiro para rehabilitación de vivenda , consistente en renovar a tella rota da cuberta e encintar a fachada sur.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001600600NH44A0001TE , emprazada en Quintáns, 16 – San Xián de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Instancia de dona María Teresa Piñeiro Amenal. (Expediente número 2020/U018/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita licenza para parcelamento de finca en Viñopequeno - San Andrés de Illobre, en tres parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por Brigida García Couto en calidade de arquitecta e de data 30/05/2020.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Expansión de Núcleo Rural (N-2), parte como Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria (R-2) e o resto como Solo Rústico de Especial Protección Forestal (R-3) .

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Viñopequeno- San Andrés de Illobre e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de euros cento oitenta euros (#180,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 7, de 195,00 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens; debendo chegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.7.- Instancia de dona Elena Albela Rodríguez. (Expdte. número 2019/U018/000005)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita licenza para parcelamento de finca en Argunte –San Mamede de Ribadulla, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Fco. Javier Bellet García en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19/05/2019, acordou conceder a licenza de parcelamento solicitada, nos termos do expediente tramitado, e posteriormente en sesión de data 12/11/2019, acordou a modificación da licenza nos termos do anexo documental achegado, asinado polo mesmo técnico, en data do 04/10/2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido da documentación técnica de data 04/10/2019, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acepta a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, de 69,00 m² tal e como figura no anexo aprobado pola Xunta de Goberno Local con data do 12/11/2019, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens; debendo chegar escritura pública,



inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

3º.- Acordo de solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

Ao abeiro do Decreto 99/2012 da Consellería de Traballo e Benestar do 16 de marzo, pola que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63/2012), a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Solicitarlle á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no citado decreto, por importe de 554.260,60 €, ω seguinte detalle:

- 1.1.- Persoal: 16.815,00 €.
- 1.2.- Mantemento: 0,00 €.
- 1.3.- Axuda no fogar:
 - 1.3.1.- Modalidade de prestación básica do plan concertado: 0,00 €.
 - 1.3.2.- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 399.915,60 €.
- 1.4.- Xestión de Programas: 137.530,00 €.
- 1.5.- Investimento: 0,00 €.

Segundo.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

Terceiro.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluídos no proxecto presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2020 na contía de 557.928,36 euros que supón unha porcentaxe de 50,16 % sobre do orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

4º.- Aprobación gastos de persoal

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data 19 de xuño de aprobación de gastos de quilometraxe e fondo social de traballadores municipais, por importe de 796,04 euros.

5º.- Outros asuntos

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte horas e trinta e cinco minutos.